

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 29 de abril de 2026 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado Fomento da mobilidade sustentable, itinerario peonil e ciclista na AC-550, O Porto do Son, de clave AC/25/085.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle no seu artigo 6.2 aqueles elementos que teñen a consideración de elementos funcionais da estrada, entre os cales se atopan os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 6 de maio de 2024 a Estratexia galega de mobilidade, cuxo obxectivo é analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e adaptala aos retos da sociedade do futuro en materia de mobilidade sustentable.

Mediante a Resolución da directora da Axencia Galega de Infraestruturas, do 7 de abril de 2026, aprobouse provisionalmente o proxecto referido, que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013 e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de trazado Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-550, O Porto do Son, de clave AC/25/085.06, no concello do Porto do Son (A Coruña), para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, se é o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013 e no artigo 50 do Decreto 66/2016.



Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito a rectificación dos posibles erros da relación publicada ou opoñerse á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos aos da relación ao fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese este proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas da Coruña, na Casa do Concello do Porto do Son, e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén se atopa un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-550, O Porto do Son.
Clave AC/25/085.06.
Concello do Porto do Son.

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²
1	15072A001027150000PM	1	2715	José Galán Villaverde	***0257**	Urbanizado	11	
				María del Carmen Gómez Touriño (hrdos.)	***1648**			
2	002101900NH03F0001DG	21	19	Víctor Manuel León Queiro	***8291**	Urbanizado	33	
3	15072A001002040000PD	1	204	Ramón León Tomé (hrdos.)	***1746**	Rural	28	
4	15072A001002060000PI	1	206	María Carmen Lado Zúñiga	***4256**	Rural	53	
5	15072A002005220000PP	2	522	CMVMC Miñortos	V15309768	Rural	78	
6	4235407NH0343S0001HD	42354	7	José Humberto González García (hrdos.)	***1541**	Rural	17	22
7	4133816NH0343S0001GD	41338	16	Ramón Agraso Bouza		Rural	20	
8	4133817NH0343S0001QD	41338	17	Luis Fernández Cantariño		Rural	23	
9	4133818NH0343S0001PD	41338	18	Vicente Moledo García	***5031**	Rural	59	
10	4133819NH0343S0001LD	41338	19	Ramona Vidal Maneiro (hrdos.)	***1533**	Rural	16	
11	4133820NH0343S0001QD	41338	20	Abelardina Mariño Tomé		Rural	20	
12	4131801NH0343S0001SD	41318	1	Victoria Eugenia Agraso Castro	***1772**	Rural	7	
13	4131802NH0343S0001ZD	41318	2	En investigación		Rural	8	
14	4131803NH0343S0001UD	41318	3	En investigación		Rural	11	
15	4131804NH0343S0001HD	41318	4	José Humberto González García (hrdos.)	***1541**	Rural	16	





Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²
16	4131805NH0343S0001WD	41318	5	Manuel Mariño Vinagre	***6396**	Rural	27	
17	4131806NH0343S0001AD	41318	6	En investigación		Rural	41	
18	4029501NH0342N0001DA	40295	1	En investigación		Urbanizado	12	
19	4029502NH0342N0001XA	40295	2	María Avelina González Agraso	***7581**	Urbanizado	45	
20	4029503NH0342N0001IA	40295	3	María Tomé Vázquez (hrdos.)	***6393**	Urbanizado	12	
21	3927706NH0332N0001JU	39277	6	María Martínez Calo	***3604**	Urbanizado	5	
				José González Martínez	***6757**			
				Manuel González Martínez	***7015**			
22	3927707NH0332N0001EU	39277	7	José González Blanco		Urbanizado	8	
23	3726908NH0332N0001IU	37269	8	Manuel Piñeiro Alcalde	***6279**	Rural	35	
				Mercedes Tomé González (hrdos.)	***9660**			
24	3726902NH0332N0001MU	37269	2	Victoria Eugenia Agraso Castro	***1772**	Rural	13	
25	15072A003040320000PL	3	4032	Francisco Sobrado Sobrado	***0935**	Rural	68	
26	000805700NH03A0001TH	8	57	José Romero Maneiro	***1468**	Urbanizado	21	
				María del Carmen Pose Rodríguez	***0929**			